

**XULLO E
AGOSTO**

SOMOSTERRA

**Teatro
do Ar**

**DE 3 A 14
AÑOS**

TEATRO, HORTA, NATUREZA, PRAIA E GRANXA CON ANIMAI

CAMPAMENTO DE VERÁN DE PANXÓN




**DE LUNS A VENRES DE 09.00 A 14.00 H
CON OPCIÓN CONCILIACIÓN DE 08.00 A 15.00 H**

**INSCRÍBETE NO 677 02 33 17 - 667 73 66 45 OU
EN CAMPAMENTOPANXON@GMAIL.COM**

**VERÁN COMPLETO - 380 €, MES COMPLETO - 220 €,
QUINCENA- 160 €, SEMANA 90 € E DÍAS SOLTOS 22 €**

**15 % DE DESCENTO AO ALUMNADO DA ESCOLA DE TEATRO DO AR DE
NIGRÁN, ALUMNADO DE AGROECOLOXÍA NA ESCOLA E PARA IRMÁNS E
FAMILIAS MONOPARENTAIS**

**20 % DE DESCENTO PARA O ALUMNADO DO CPI ARQUITECTO PALACIOS
E DA EEI AS DUNAS**



QUEN SOMOS?

Cooperativa Somos Terra

SOMOSTERRA

SomosTerra é unha cooperativa galega sen ánimo de lucro. Traballamos por impulsar sostibilidade a través de proxectos para a cooperación local e a participación social.

Contamos con experiencia en animación infantil e familiar enfocada á educación para a sostibilidade en diferentes centros educativos e concellos, a través de programas educativos e obradoiros presenciais e dixitais.

Estamos comprometidas coa creación de hortas colaborativas para promover o cultivo ecolóxico e a agroecoloxía a través do lecer, a intelixencia colectiva e a diversión. Así será no campamento!

Teatro do Ar

Teatro
do Ar

Somos un grupo de teatro con sede en Nigrán e formado por doce integrantes. Apostamos por un teatro propio para trasladar da maneira máis pura a nosa forma de entender este arte e o mundo que nos rodea.

Dende que creamos o grupo hai 10 anos traballamos todos os xéneros teatrais. Dende fai 3 anos facemos tamén teatro social con maiores e persoas con diversidade en residencias para levar esta arte a todo o mundo.

O noso traballo xa foi recoñecido en varios certames, tamén somos Premios Nigrán á Cultura 2022.



EQUIPO



Raquel Gómez Villar

Graduada en Bioloxía na Universidade de Vigo, especializada en Neurociencia e Educación en Valores. Actualmente, docente, divulgadora e coordinadora de proxectos no ámbito da sostibilidade e a Axenda 2030 en SomosTerra Sociedade Cooperativa Galega Xuvenil Sen Ánimo de Lucro.



Diana Muñoz Somoza

Con estudos en Enxeñaría Agrónoma e maestría en compostaxe, con numerosas experiencias como monitora e educadora ambiental. Actualmente forma parte de SomosTerra Sociedade Cooperativa Galega Xuvenil Sen Ánimo de Lucro como monitora e coordinadora nos programas de Agroecoloxía na escola en diferentes centros educativos.



Sarai Gómez Villar

Graduada en Traballo Social pola Universidade de Vigo, especializada en Menores en Desprotección e Conflicto Social e Teatro Social, monitora de ocio e tempo libre. Actualmente, formándose en locución e doblaxe, actriz e profesora de teatro na Escola Teatro do Ar



Pedro Rodríguez

Pedro é xornalista e director de teatro do grupo de Nigrán Teatro do Ar. Xa se representaron 12 obras súas, entre elas, unha finalista do Xuventude Crea e dúas mencións destacada nos premios Buero Vallejo de Teatro Joven. Tamén ten premios de novela curta e poesía e dous libros publicados.

O CENTRO

Este campamento da continuidade do programa Agroecoloxía na escola no centro educativo, con actividades de horta como plantación de verán, colleita, mantemento, etc. Tamén faremos actividades de educación ambiental relacionadas coa agroecoloxía, como reforestación, compostaxe, coñecemento da biodiversidade local, flora adventicia e fauna útil, aprendendo sempre dende unha perspectiva lúdica e respectuosa. Polo tanto, este campamento é posible grazas á colaboración co CPI Arquitecto Palacios, por cedernos as instalacións do centro educativo e permitir así a continuidade da horta escolar durante todo o verán.



DATAS

Do 1 de xullo ao 31 de agosto.

HORARIOS

De luns a venres de 09:00 a 14:00 con posibilidade de ampliación de 08:00-15:00 baixo demanda das familias.

IDADES

Nenos e nenas escolarizados de 3 a 14 anos.

PRAZAS

Máximo 40 prazas.



TARIFAS

	PREZO(€)	15 % DESCONTO (Alumnado da Escola de teatro, Agroecoloxía na escola, irmáns ou familias monoparentais)	20 % DESCONTO (Alumnado do CPI Arquitecto Palacios e da EEI As Dunas)
Verán completo	380	323	304
Mes completo	220	187	176
Quincena	160	136	128
Semana	90	76,50	72
Días soltos	22	18,70	17,60
Servicio concilia	2,5 €/día	1 €/día	1 €/día

Descontos do 15%:

- Alumnado da Escola de Teatro do Ar,
- Alumnado do CEIP Carlos Casares, do CEIP Da Cruz, do CEIP Humberto Juanes, do CEIP Belesar e da EEI O Areal.
- Irmáns e familias monoparentais

Descontos do 20% ao alumnado:

- CPI Arquitecto Palacios
- EEI As Dunas

ACTIVIDADES

Neste campamento queremos acercar aos pequenos e pequenas á natureza e a arte a través de actividades de horta, colleitas, excursión e obradoiros e xogos teatrais para que os nenos e nenas aprendan e disfruten ao máximo do seu verán en Panxón.

As nosas actividades buscan o traballo en equipo e o respecto polo medioambiente e as persoas. Para elo realizamos actividades de diferentes temáticas:

- **Educación ambiental:** obradoiros que promoven o coidado do medioambiente e o coñecemento sobre biodiversidade.
- **Horta ecolóxica:** obradoiros de cultivo que buscan a promoción do consumo responsable e unha dieta saudable.
- Coidado de **animais** de granxa.
- **Teatro:** utilizamos o teatro como ferramenta para a promoción de valores.
- **Deportes** que promoven a colaboración e cooperación.
- **Xogos** ao aire libre.
- Actividades **creativas** relacionadas coa **natureza**.



CONDICIÓN DE CONTRATACIÓN

- É imprescindible encher online os formularios de inscrición e entregar a documentación (DNI e tarxeta sanitaria) o día de comezo da actividade: <https://forms.gle/GfKcB1JY1wmYW29e8>
- Para facer efectiva a reserva é necesario realizar un ingreso polo importe total do campamento nos tres días laborables posteriores á formalización da inscrición. Para realizar o ingreso:

Titular: SomosTerra S. Coop. IBAN:

ES90 3070 0045 1962 4427 2321

Concepto: CAMPA + NOME E APELIDOS (do menor)

- Se o pago non se realiza no prazo indicado, a inscrición quedará anulada e a nosa entidade poderá dispoñer libremente desa praza, previo comunicado á familia.
- En caso de cancelación por parte do participante, esta deberá formalizarse por correo electrónico á dirección: campamentoveranpanxon@gmail.com
- A cancelación poderá efectuarse en calquera momento antes da data do campamento, debendo abonar os gastos de xestión (20 €) máis os gastos de cancelación: Antes de 1 semana, o 25%. Menos de 1 semana antes do inicio da actividade ou se a participante causa baixa durante a actividade, o 100%.
- En caso de baixa por causa xustificada, a cancelación debe comunicarse nun prazo máximo de 24 horas. Será imprescindible a presentación da documentación (informe médico ou xustificante laboral) nun prazo máximo de 7 días desde a comunicación da baixa.



CONTACTO

Podes contactar con nós para resolver calqueira dúbida que poda xurdir.

Correo:

campamentoveranpanxon@gmail.com

Teléfono:

Diana 677 02 33 17

Raquel 667 73 66 45

Web:

www.somosterra.gal

www.teatrodoar.com

Redes sociais:

<https://linktr.ee/teatrodoar>



INSCRIPCIÓN

<https://forms.gle/GfKcB1JY1wmYW29e8>

